

Calendario académico para o curso 2022/2023

1. CURSO ACADÉMICO

O curso académico 2022/2023 comprenderá desde o 5 de setembro de 2022 até o 31 de agosto de 2023. Abarcará dous períodos lectivos que se organizan en dous cuadrimestres, conforme se indica no apartado 2 deste calendario. Non será lectivo o mes de agosto, nin os días festivos, nin os períodos sinalados neste calendario para a avaliación.

Considerarase alumnado do curso académico 2022/2023 aquel que deba ser avaliado das Prácticas/TFG/TFM en segunda oportunidade, cuxas actas se asinen e entreguen o 29 de setembro de 2023, conforme se establece neste calendario.

2. PERÍODOS LECTIVOS

As actividades académicas docentes comprenden os seguintes períodos lectivos:

Primeiro cuadrimestre: desde o 5 de setembro ao 22 de decembro de 2022

Segundo cuadrimestre: desde o 30 de xaneiro ao 12 de maio de 2023

Co fin de facilitar a planificación docente dos másteres, e cando non precisen utilizar o período de avaliación, poderán iniciar as súas actividades docentes no mes de outubro e prolongalas até o 27 de xaneiro. Neste caso, o segundo cuadrimestre poderá comezar unha semana máis tarde. Para facer efectiva esta posibilidade as persoas coordinadoras dos másteres deberánllo comunicar ao Servizo de Organización Académica.

3. AVALIACIÓN

Para a súa avaliación, os/as estudantes de grao e máster terán dereito en cada curso académico a dúas oportunidades e o calendario quedará organizado en catro períodos:

Oportunidades	Datas de avaliación	Data límite de sinatura e entrega de actas
Adianto de oportunidade	Do 21 de novembro ao 9 de decembro de 2022 ¹	16 de decembro de 2022
Materias do primeiro cuadrimestre	Do 9 ao 26 de xaneiro de 2023	9 de febreiro de 2023
	Prácticas (actas conxuntas), fixadas polos centros	3 de marzo de 2023
Materias do segundo cuadrimestre e anuais	Do 15 de maio ao 6 de xuño de 2023	20 de xuño de 2023
	Prácticas (actas conxuntas), fixadas polos centros	7 de xullo de 2023
2ª oportunidade	Do 21 de xuño ao 14 xullo de 2023 ²	21 de xullo de 2023
	Prácticas (actas conxuntas), fixadas polos centros	29 de setembro de 2023

¹ As datas de avaliación correspondentes ao adianto de oportunidade serán establecidas polos centros só no caso de existiren solicitudes.

² Os exames organizaranse de forma que se realicen primeiro aqueles correspondentes ás materias do primeiro cuadrimestre e a continuación os das materias do segundo cuadrimestre e/ou anuais.

Código Seguro De Verificación	CNgdjTb26eJmFVsiJsFz+g==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario xeral - Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	28/04/2022 14:06:57
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/CNgdjTb26eJmFVsiJsFz+g==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Para a avaliación das Prácticas que utilicen actas individualizadas e dos TFG/TFM, os/as estudantes de grao e máster terán dereito en cada curso académico a dúas oportunidades, de acordo co seguinte calendario:

	Datas de avaliación	Data límite de sinatura e entrega de actas
TFG/TFM	Nas datas fixadas polos centros, respectando a norma que regula o TFG/TFM	29 de setembro de 2023
Prácticas (actas individualizadas)	Nas datas fixadas polos centros	29 de setembro de 2023

A matrícula e defensa do TFG e do TFM realizaranse conforme ao disposto nos artigos 1º, 2º e 3º da Normativa reguladora da matrícula e defensa do TFG e TFM, aprobada polo Consello de Goberno do 19/12/2013 e as súas modificacións posteriores.

As actividades académicas docentes e os exames de todos os plans de estudo interromperanse desde o día 23 de decembro de 2022 até o día 5 de xaneiro de 2023 (ambos os dous incluídos); os días 20 e 21 de febreiro de 2023 e desde o día 3 ao día 10 de abril de 2023 (ambos os dous incluídos). Terá carácter festivo o día 28 de xaneiro de 2023 pola festividade do Día da Universidade. Así mesmo, posuirán carácter festivo os días das festas oficiais do Estado, da Comunidade Autónoma e das cidades onde estea cada centro, así como o día da festividade de cada un deles.

Coa finalidade de aproveitar ao máximo os días lectivos, sempre que as festividade da Universidade coincidan en martes ou en xoves celebraranse o luns ou o venres máis próximo; e se cadrasen en mércores trasladaranse ao venres. As que cadren en sábado, domingo ou festivo celebraranse o día anterior ou o seguinte lectivo.

Dilixencia para facer constar que o presente documento foi aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do 28/04/2022
O secretario xeral

Código Seguro De Verificación	CNgdjTb26eJmFVsiJsFz+g==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario xeral - Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	28/04/2022 14:06:57
Observacións		Páxina	2/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/CNgdjTb26eJmFVsiJsFz+g==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

